



OBRADOIRO DO **ESPECTADOR**

XANEIRO FEBREIRO MARZO 2010



A **Rede Municipal de Centros Socioculturais** presenta **Obradoiro do Espectador**, unha proposta do **Grupo Chévere**, compañía residente na **Sala NASA**.

O Obradoiro é un espazo de promoción do sociocultural a partir das artes escénicas que se producen e exhiben na nosa cidade, sendo unha **oportunidade de formación e intercambio**.

Unha proposta dirixida tanto a espectadores experimentados como a persoas que queiran iniciarse no goce do teatro. De interese para **estudantes, profesionais e afeccionados** do espectáculo.

O Obradoiro enriquece a experiencia do teatro, porque achega ferramentas para mellorar a comprensión das obras máis actuais, e permite compartir en grupo as nosas inquedanzas e dúbidas e **facilita o contacto directo cos artistas**.

XANEIRO

rewind. fantasías en 1987

Borja Fernández/Uxía P. Vaello
(Pontevedra)

Sesión de adestramento
Mércores **27 de xaneiro ás 20.00 h.**
En O Ensanche.

Función e faladoiro
Sábado **30 de xaneiro ás 21.30 h.**
Na Sala NASA.

FEBREIRO

z

Sergi Fäustino
(Barcelona)

Sesión de adestramento
Mércores **24 de febreiro ás 20.00 h.**
No CSC de Fontiñas.

Función e faladoiro
Venres **26 de febreiro ás 21.30 h.**
Na Sala NASA.

MARZO

pressing catch

Berrobambán
(Compostela)

Sesión de adestramento:
Mércores **10 de marzo ás 20.00 h.**
No CSC de Vite.

Función e faladoiro:
Venres **12 de marzo ás 21.30 h.**
Na Sala NASA.

actividades

Sesións de adestramento funcionan como preparación antes de asistir aos espectáculos. Nas sesións, dunha hora e media de duración, se ofrecen as claves que facilitarán a comprensión da obra seleccionada, situando o autor e a compañía no seu contexto histórico e estético.

As sesións son conducidas por **Xesús Ron**, director da **Sala NASA** e do **Grupo Chévere**.

Asistencia ás funcións A parte fundamental do obradoiro é, por suposto, a asistencia a un espectáculo cada mes. As persoas participantes no obradoiro recibirán entradas para poder asistir ás representacións.

Faladoiro cos creadores Como complemento á asistencia aos espectáculos, propoñemos realizar un coloquio inmediatamente despois de ver a obra, con participación dos membros da compañía e dos espectadores participantes no obradoiro.

lugares

As sesións de adestramento terán lugar nos **centros socioculturais**. Os espectáculos e o encontro cos creadores terán lugar na **Sala NASA**.

prezo

Público xeral: 8 € cada obradoiro.

Tripulantes Sala Nasa: 3 € cada obradoiro.

O prezo dos obradoiros, inclúen cadansúa entrada para a representación na **Sala NASA**.

inscríbete

Do **18 de xaneiro** ata un día antes do inicio de cada obradoiro, ou completar as prazas dispoñibles. A recepción de inscricións faise nos **centros socioculturais** e na **Sala Nasa**.

Información

CSXM O Ensanche 981.543.001

Sala Nasa 981.573.998

enderezos

Sala NASA Rúa San Lourenzo 51-53 B.

CSXM O Ensanche R. Frei Rosendo Salvado 14.

CSC José Saramago Vite Rúa Carlos Maside 7.

CSC Fontiñas Rúa Berlín 13.

CSC Castiñeiriño Virxe de Fátima 1.

CSC A Trisca Corredoira das Fraguas 92.

CSC de Conxo Plaza de Aurelio Aguirre 1.

www.compostelacultura.org


www.salanasa.com

www.santiagosociocultural.org



rewind. fantasías en 1987

Borja Fernández/Uxía P. Vaello
(Pontevedra)



a obra

rewind. Fantasías en 1987 é a súa segunda colaboración, un solo de teatro danza interpretado por Borja Fernández e dirixido por Uxía P. Vaello. Un intérprete recrea con 200 kilos de cartón un ambiente ficticio que é froito da transformación dos seus recordos da infancia, da distorsión da realidade, da vontade de ter nacido no lonxano oeste, ser fillo dunha estrela do country e ter sido un auténtico "cowboy" de Salcedo.

a obra

Z é a cuarta creación de **Sergi Fäustino** estreada no ciclo Radicals Lliure de Barcelona, sempre dentro da liña de traballo de levar a vida real ao escenario. Esta vez, o tema de fondo é a inutilidade, os tópicos e os zombies, dentro da filosofía das series B, pero en teatro. Unha peza sorprendente, que consegue falar do mundo, do ser humano e dos temas que nos preocupan a partir dun tema moi friki e dunha estética moi gore.



Z
Sergi Fäustino
(Barcelona)

pressing catch

Berrobambán
(Compostela)



a obra

Berrobambán pretende facer teatro do espectáculo do "pressing catch", tomando algunhas das súas convencións: os epítetos dos loitadores, a acrobacia, a música que os acompaña, pero introducindo variantes coma o coidado dos diálogos, a presenza feminina, e, sobre todo, a descontextualización da loita. Porque vivimos na era do medo. Temos medo practicamente de todo; e o medo, ademais de limitar a nosa liberdade, núblanos o entendemento e fainos manipulables, bonecos nas mans das novas tecnoloxías, dos medios de comunicación, do poder.

a compañía

Borja Fernández, intérprete multidisciplinar autodidacta, cofundador da compañía Pista Catro (Novo Circo) e integrante do grupo de música experimental "es un arbol". Participa activamente en Ultranoites, en curtametraxes (Xosé Díaz, Ceci Perolio) e traballa puntualmente con compañías de teatro e danza, artistas multimedia e performers, como Chévere, Matarile Teatro, Centro Dramático Galego, Fura del Baus, Teatro Nacional Sao Joao, Pt. Excéntrica ou Zhan Huan.

a compañía

Sergi Fäustino formouse en danza e dirección teatral na "School for New Dance Development" en Amsterdam, (Holanda), traballando con Martin Sonderkamp, Elena Lizari, Masako Noguchi e Frans Poelstra. De volta en España, traballa como bailarín nas producións operísticas de La Fura dels Baus e como actor en OBS. Traballa tamén con Sol Picó, Carles Santos, La Vana Gloria e Andrés Corchero-Rosa Muñoz. A partir de 2003 inicia as súas creacións: o solo *Nutritivo*; *La historia de M^{re}Engracia Morales* (2004); *El Cremaster de los Cojones* (2005); *f.r.a.n.z.p.e.t.e.r.* (2006); *De los condenados* (2007) e *Duques de Bergara unplugged* (2008).

a compañía

Berrobambán é a compañía galega con maior traxectoria en teatro infantil de actores e actrices e un grupo que nos seus inicios estivo moi ligado á NASA. Outra liña do seu traballo está orientada ao público adulto con obras como *NdC* (2001), a partir de textos de Rodrigo García, ou o *Cabaret Vendetta* (2004). E agora a compañía aposta por un espectáculo para xente moza e adulta no que se reflexiona sobre determinadas circunstancias sociais que estamos a vivir. **Pressing Catch** profundiza nas inxerencias e nas formas de relacionarse co público que practica a compañía.

temas de referencia

Os novos creadores escénicos galegos. Outros materiais para facer xurdir o teatro fóra do texto escrito: a memoria persoal, o movemento, as imaxes.

sesión de adestramento

Mércores **27 de xaneiro ás 20.00 h.**
En **O Ensanche**.

función e faladoiro

Sábado **30 de xaneiro ás 21.30 h.**
Na **Sala NASA**.

Participan: Borja Fernández e Uxía P. Vaello

temas de referencia

O teatro de Sergi Fäustino. Vida real e ficción teatral. Temas frikis e estéticas duras. Performance, movemento e narrativa escénica.

sesión de adestramento

Mércores **24 de febreiro ás 20.00 h.**
No **CSC de Fontiñas**.

función e faladoiro

Venres **26 de febreiro ás 21.30 h.**
Na **Sala NASA**.

Participan: Sergi Fäustino, Miguel Ángel Altet, David Espinosa e Cristina Nuñez.

temas de referencia

Mulleres, teatro e dramaturxia. Paula Carballeira e Berrobambán. O espectáculo da violencia. A manipulación da verdade nos medios de comunicación.

sesión de adestramento:

Mércores **10 de marzo ás 20.00 h.**
No **CSC de Vite**.

función e faladoiro:

Venres **12 de marzo ás 21.30 h.**
Na **Sala NASA**.

Participan: Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Hugo Torres e Anabell Gago.

actividades

Sesións de adestramento funcionan como preparación antes de asistir aos espectáculos. Nas sesións, dunha hora e media de duración, se ofrecen as claves que facilitarán a comprensión da obra seleccionada, situando o autor e a compañía no seu contexto histórico e estético.

As sesións son conducidas por **Xesús Ron**, director da **Sala NASA** e do **Grupo Chévere**.

Asistencia ás funcións A parte fundamental do obradoiro é, por suposto, a asistencia a un espectáculo cada mes. As persoas participantes no obradoiro recibirán entradas para poder asistir ás representacións.

Faladoiro cos creadores Como complemento á asistencia aos espectáculos, propoñemos realizar un coloquio inmediatamente despois de ver a obra, con participación dos membros da compañía e dos espectadores participantes no obradoiro.

lugares

As sesións de adestramento terán lugar nos **centros socioculturais**. Os espectáculos e o encontro cos creadores terán lugar na **Sala NASA**.

prezo

Público xeral: 8 € cada obradoiro.

Tripulantes Sala Nasa: 3 € cada obradoiro.

O prezo dos obradoiros, inclúen cadansúa entrada para a representación na **Sala NASA**

inscríbete

Do **18 de xaneiro** ata un día antes do inicio de cada obradoiro, ou completar as prazas dispoñibles. A recepción de inscricións faise nos **centros socioculturais** e na **Sala Nasa**.

Información

CSXM O Ensanche 981.543.001

Sala Nasa 981.573.998

enderezos

Sala NASA
Rúa San Lourenzo 51-53 B.

CSXM O Ensanche
R. Frei Rosendo Salvado 14.

CSC José Saramago Vite
Rúa Carlos Maside 7.

CSC Fontiñas
Rúa Berlín 13.

CSC Castiñeiriño
Virxe de Fátima 1.

CSC A Trisca
Corredoira das Fraguas 92.

CSC de Conxo
Plaza de Aurelio Aguirre 1

www.compostelacultura.org

www.salanasa.com

www.santiagosociocultural.org

OBRADOIRO DO ESPECTADOR

XANEIRO FEBREIRO MARZO 2010

A **Rede Municipal de Centros Socioculturais** presenta **Obradoiro do Espectador**, unha proposta do **Grupo Chévere**, compañía residente na **Sala NASA**.

O Obradoiro é un espazo de promoción do sociocultural a partir das artes escénicas que se producen e exhiben na nosa cidade, sendo unha **oportunidade de formación e intercambio**.

Unha proposta dirixida tanto a espectadores experimentados como a persoas que queiran iniciarse no goce do teatro. De interese para **estudantes, profesionais e afeccionados** do espectáculo.

O Obradoiro enriquece a experiencia do teatro, porque achega ferramentas para mellorar a comprensión das obras máis actuais, e permite compartir en grupo as nosas inxerencias e dúbidas e **facilita o contacto directo cos artistas**.